



ORDENANZA FISCAL 23 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e 106 da Lei de bases de réxime local, aprobada por Lei 7/85, do 2 de abril, e dos artigos 15.2 e 59.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Excmo. Concello de Pontevedra regula o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 1. Exencións e bonificacións

1.- En relación á exención establecida no art. 93.1.e) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberanse xustificar os seguintes extremos:

1.1.- No caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade:

- Copia compulsada ou certificado orixinal da súa discapacidade.
- Copia compulsada do permiso de circulación no que figure como titular do vehículo o beneficiario da exención.
- Copia compulsada da póliza do seguro do vehículo no que deben coincidir o titular do vehículo e o tomador do seguro.
- Copia compulsada ou xustificante orixinal de pago do seguro do vehículo.
- Declaración xurada de uso exclusivo para o transporte do beneficiario da exención.

1.2.- No caso de vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo e conducidos por eles mesmos:

- Copia compulsada ou certificado orixinal da súa discapacidade.
- Copia compulsada do permiso de circulación no que figure como titular do vehículo o beneficiario da exención.
- Copia compulsada da póliza do seguro do vehículo no que deben coincidir o titular do vehículo, o tomador do seguro e máis o condutor habitual do vehículo.
- Copia compulsada ou xustificante orixinal de pago do seguro do vehículo.
- Declaración xurada de uso exclusivo polo beneficiario da exención.

Notas comúns aos dous supostos.

O certificado da discapacidade entenderase entregado ben mediante a achega do certificado da minusvalía emitido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia ou, ter a condición de minusválido nos termos previstos na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e acreditado de acordo coa súa normativa de desenvolvemento, isto é, o Real decreto 1414/2006, de 1 decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade aos efectos da Lei 51/2003.

Constituirá infracción tributaria e poderá impoñerse a sanción tributaria máxima establecida pola normativa tributaria, aos suxeitos pasivos que, disfrutando da anterior exención, permitan a utilización do vehículo que da lugar á mesma por terceiros, salvo nos casos excepcionais que deberán poñer previamente en

coñecemento do Concello, ou cando as circunstancias que motivaron a concesión da exención cambiasen e non se comunicara ao Concello.

A exención está subordinada á que se manteñan as circunstancias que a motivaron. Para estes efectos, o Excmo. Concello de Pontevedra realizará periodicamente actuacións de inspección para comprobar que se manteñen, requirindo ao interesado para que achegue a documentación xustificativa sinalada neste apartado. No caso de revocarse a exención será de aplicación o previsto no parágrafo anterior.

2.- Os vehículos históricos, sempre e cando acrediten a súa catalogación como tal de acordo co Real decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de vehículos históricos, e na normativa autonómica de aplicación, no caso de Galicia a Orde do 17. de xuño de 1996, pola que se establecen requisitos para a acreditación de laboratorios oficiais de vehículos históricos e a catalogación dos ditos vehículos; ou todos aqueles que teñan unha antigüidade superior a vinte e cinco anos, nos termos previstos no artigo 95.6.c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, disfrutarán de unha bonificación do 100 por 100 sobre a cota do imposto. Esta bonificación terá carácter rogado e deberá solicitarse, acreditando todos os aspectos sinalados neste parágrafo.

3.- Os prazos para exercer o dereito á solicitude e aplicación dos beneficios fiscais de carácter rogado aquí indicados serán os previstos na Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección do concello de Pontevedra, sendo aplicables só aos vehículos que reunisen todos os requisitos necesarios na data de devengo do tributo.

Artigo 2. Cota Tributaria

1.- O imposto esixirase con arranxo ao seguinte cadro de tarifas:

CONCEPTO	COTA
<i>TURISMOS</i>	
De menos de 8 cabalos fiscais	20,29 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	55,85 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	118,50 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	151,25 €
De 20 cabalos fiscais en adiante	190,86 €
<i>AUTOBUSES</i>	
De menos de 21 prazas	133,89 €
De 21 a 50 prazas	198,32 €
De máis de 50 prazas	252,74 €
<i>CAMIÓNS</i>	
De menos de 1.000 kg de carga útil	67,95 €
De 1.000 kg a 2.999 kg de carga útil	136,56 €
De 2.999 kg a 9.999 kg de carga útil	198,32 €
De máis de 9.999 kg de carga útil	252,74 €
<i>TRACTORES</i>	
De menos de 16 cabalos fiscais	28,41 €
De 16 a 25 cabalos fiscais	45,50 €
De máis de 25 cabalos fiscais	141,96 €
<i>REMOLQUES</i>	
De menos de 1.000 kg de carga útil	28,41 €
De 1.000 kg a 2.999 kg de carga útil	45,50 €
De máis de 2.999 kg de carga útil	141,96 €
<i>OUTROS VEHÍCULOS</i>	
Ciclomotores	7,09 €
Motocicletas ata 125 cc	7,09 €
Motocicletas de máis de 125 cc ata 250 cc	12,42 €
Motocicletas de máis de 250 cc ata 500 cc	25,31 €
Motocicletas de máis de 500 cc ata 1.000 cc	51,13 €
Motocicletas de máis de 1.000	103,24 €



2.- Para a aplicación da tarifa anterior teranse en conta as seguintes regras:

- a) O concepto das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido no anexo 2º do Real decreto 2822/1998, de 23 decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.
- b) Para os efectos do cálculo da carga útil, nos casos nos que conste na tarxeta de inspección técnica dous valores distintos para a masa máxima tecnicamente admisible (MMTA) e para a masa máxima autorizada (MMA), aplicarase a efectos de tarifa o valor que corresponda á MMA.
- c) Os vehículos mixtos adaptables tributarán segundo o número de prazas autorizadas para este tipo de vehículos:
 - c.1) Se o vehículo mixto ten autorizadas ata 5 prazas, incluíndo o condutor, tributará como camiión.
 - c.2) Se o vehículo mixto ten autorizadas de 6 a 9 prazas, ambas incluídas, contando a do condutor, tributará como turismo.
 - c.3) Se o vehículo mixto ten autorizadas 10 ou máis prazas, incluíndo o condutor, tributará como autobús.
- d) As máquinas autopropulsadas que poidan circular pola vía pública sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica deben tributar segundo as tarifas correspondentes aos tractores.
- e) As motocicletas eléctricas teñen a consideración, ao efecto deste imposto, de motocicletas ata 125 c.c. ou ben de ciclomotores, en función da súa potencia eléctrica.

Artigo 3. Normas de xestión.

1. O instrumento acreditativo do pago deste imposto será a carta de pago debidamente dilixenciada de terse producido o ingreso da cota tributaria nas contas habilitadas nas Entidades Colaboradoras para a xestión de tributos.
2. Nos casos de alta, establécese a obriga ao suxeito pasivo de autoliquidar a súa débeda tributaria, utilizando os impresos que, con este fin, dispoña a Administración Municipal. No caso de altas derivadas de anteriores baixas voluntarias temporais, as cotas tributarias non serán susceptibles de rateo.
3. Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas no padrón anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou o seu representante, salvo que se modificara o consignado nos mesmos.
4. A devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa do vehículo deberá ser solicitada por este, e se tramitará consonte ás normas que rexen a devolución derivada da normativa de cada tributo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 24 de outubro de 2003, aprobase polo propio Pleno na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2013, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.

